

Vivía no centro de Gondomar, na rúa Eduardo Iglesias, na casa onde moraba súa irmá, casada cun importante home de negocios e personaxe de certo relevo na sociedade da bisbarra, incluíndo nela a cidade de Vigo. Pouco pasaría dos cincuenta anos, baixo, un migallo goso, quero lembrar que era algo calvo, e na faciana sempre un sorriso que o amosaba un chisco aparvado. Ao parecer, tivera un brote esquizofrénico, amainado con medicinas que o mantiñan un algo lonxe da realidade e do presente.

Sentaba nun banco do parque a mirar os rapaces a xogar ao fútbol, deporte que parece que practicara cando era novo, acadando daquela algúns éxitos, non tantos coma os de aqueles que aínda resoaban, como resoan os foguetes das festas contra os montes que rodean o Val Miñor, enchendo aos veciños de estima como se fose cousa deles mesmos: Os Hermidas; Nolete, que chegou a vestir a camiseta do equipo nacional ademais da chaqueta branca, uniforme que vestían os “Jefes del Movimiento”, como Alcalde de Baiona; Paíño; o inesquecible Hermidita (a quen os seus paisanos chamaban Anía); Alvarito, todos eles xogadores do Celta de Vigo, ou Fernando Zunzunegui, que xogaba no Real Madrid. Ou outros, que acadaban tamén moito renome xogando nos equipos locais: O mesmo Alvarito e Nanito no equipo do Gondomar, ou Nanucho Montaña no Erizana de Baiona.

Ás veces, seu cuñado, que chegara a presidir o equipo do Celta, levábao consigo a ver algún partido, pero calquera que fose o resultado, gañase ou perdese o Celta, facía cambiar o sorriso de bobo da faciana de Fernando.

Parece que tiña o costume de botar peidos a cada pouco, por iso os rapaces da Ramallosa chamábanlle “O Peideiro” aínda que en Gondomar coñecíanlo como “Fernandito Popó”. Ninguén se alporizaba por iso, pero os rapaces, que, como non, estaban a espreitalo, achacábanlle o sorriso á satisfacción que lle daba botar os peidos diante da xente sen que llo reprochasen.

Nos veráns non era estraño velo pasar cara a Praia América, camiñando amodo na bicicleta e sen perder o sorriso, pero iso si, peideando de abondo.

Os rapaces púñanse ao seu carón, para escoitar aquela estraña orquestra que soaba, máis que a bombardino, ao ruído que fan os tubos do escape das motocicletas con motores de dous tempos, e dicían que movía a bicicleta coa forza do vento dos peidos. Para eles, era o inventor

Fernandito Popó

Escrito por Antonio Valverde
Sábado, 11 Xuño 2011 14:12

da bicicleta **propulsada a peidos.**

Seguro que de sabelo Fernando, acordaría do seu pasmo, e cambiaría o sorriso por una alta e forte gargallada.